



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/17/2014	CONYI0SI
4P3V003E2M1H4G4K03GH	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DA REUNIÓN MANTIDA PARA PROPOÑER A CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN, DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SOFTWARE E HARDWARE ESTÁNDAR NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, que actúa como presidente.

**Vogais:**

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral  
D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental  
D. Manuel Rodríguez Álvarez, técnico informático.

Secretario da Mesa: Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, as 12 horas do día 24 de outubro de 2014 reúnese a Mesa de contratación co gallo de tratar o único punto da orde do día:

- Proposta de clasificación e adxudicación do contrato

O día 16 de outubro do ano que estamos a correr, reuniuse a Mesa de contratación, por mor de cualificar ás empresas licitadoras mediante criterios técnicos ofertados, resultando a seguinte puntuación para os criterios non obxectivos:

EMPRESA	CALIDADE DO SERVIZO	TRABALLADORES ADSCRITOS	TOTAL
Inforhouse S.L.	25	18	43
2Ksystems Soluciones Informáticas Ferrol S.L.	10	6	16

En reunión da Mesa, celebrada o día 17 do mes que estamos a correr, abríronse, en acto público, as ofertas económicas presentadas polas empresas licitadoras, resultando:

Empresa Inforhouse S.L., propón un prezo de 70.800,00 euros IVE non incluído.

Empresa 2Ksystems Soluciones Informáticas Ferrol S.L. 70.801,16 euros IVE non incluído.

Unha vez aplicada a fórmula de valoración da oferta económica que contempla o apartado 9 da folia resumo do prego de condicións administrativas particulares que rexe esta procedemento, a puntuación acadada por cada unha das ofertas presentadas é a seguinte:

Inforhouse S.L. 55 pto

2Ksystems Soluciones Informáticas Ferrol S.L. 54,99



**NARÓN**

Sumadas as puntuacións obtidas en ambos os dous criterios, obxectivos e non obxectivos, a puntuación definitiva acadada polas empresas admitidas, é a seguinte:

EMPRESA	Oferta Técnica	Oferta Económica	TOTAL
Inforhouse S.L.	43	55	98
2Ksystems Sistemas Informáticos Ferrol S.L.	16	54,99	70,99

Á vista da orde establecida propónse a adxudicación do contrato á empresa Inforhouse S.L. polo prezo de 70.800,00 euros IVE non incluído.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12:40 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu a secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente